

DORSO QUE SE CITA

- Impreso de solicitude, por duplicado.
- Proxecto técnico redactado por técnico competente na materia, por duplicado.
- Unha memoria descritiva na que se detallan os aspectos básicos relativos á actividade, á súa localización e repercusións no ambiente. A memoria deberá conter unha descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, verteduras e emisións contaminantes e a xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; os usos permitidos e prohibidos polo planeamento na zona de implantación da actividade; así coma calquera outra información que resulte relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.
- Xustificación do cumprimento da lexislación ambiental e sectorial aplicable á actividade, da normativa de seguridade, da relativa ás medidas de autoprotección e saúde e, se é o caso, das ordenanzas municipais que resultan de aplicación.
- Declaración dos datos que a xuízo do solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente .
- De tratarse dunha persoa xurídica, documentación acreditativa da representación a favor da persoa que asina (fotocopia da escritura de constitución da sociedade, poder, etc.)
- Fotocopia da licenza de obra e de primeira ocupación ou datos do promotor e ano de construción do edificio.
- Abono das taxas.